RESOLUCIÓN pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da intervención Leader 2023-2027 (axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas), convocatoria 2025, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)

GDR - 08 Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea

-Tipoloxía de proxectos: produtivos, non produtivos públicos/privados

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia) do 10.04.2025 aprobáronse as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC) e convocáronse para o ano 2025. Este acordo publicouse mediante Resolución do 16.04.2025 da directora xeral da Axencia (DOG nº 82, do 30 de abril).

Para o financiamento desta convocatoria, está previsto un crédito de doce millóns seiscentos corenta e un mil catrocentos vinte e tres euros con trinta e seis céntimos (12.641.423,36€) con cargo ás aplicacións orzamentarias da Axencia 15.A1.712A.760.00, 15.A1.712A.770.00 e 15.A1.712A.781.00 (proxecto 2024-00008), coa seguinte distribución por anualidades:

ANO	IMPORTE
2025	6.320.711,68
2026	6.320.711,68
TOTAL	12.641.423,36

Cómpre sinalar que o artigo 28.1 das bases reguladoras polas que se rexe esta convocatoria, dispón o seguinte:

"...Dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais para cada un dos GDR, que se establezan en cada convocatoria, corresponde a cada GDR solicitar a Axencia, en función do sinalado na convocatoria e na súa estratexia de desenvolvemento local, a aprobación do importe máximo dispoñible para cada unha das tipoloxías de proxectos que se indican no parágrafo primeiro do número 1 deste artigo. As solicitudes de cada un dos GDR deberán remitirse a Axencia durante os 15 días naturais inmediatamente posteriores á data da publicación da convocatoria".

Tendo en conta que rematou o prazo de presentación de solicitudes para a convocatoria 2025, e coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 28.1 das bases reguladoras, mediante a Resolución do 01.08.2025 da directora xeral da Axencia,

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

Asinado por: RODRIGUEZ RIVERA, MARIA PAZ
Cargo: Directora Xeral de AGADER
Data e hora: 11/11/2025 13:47:15
As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: hMJPIETJGwk0 https://sede.xunta.gal/cve

modificáronse os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables para o GDR de que se trata que son, en concreto, os seguintes:

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.025	%	2.026	%	TOTAL	%
7119 intervención Leader 2023-2027 (axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas), convocatoria 2025	Produtivos	215.968,05	66,54	215.968,05	66,54	431.936,10	66,54
	Non produtivos (entidades públicas locais)	83.064,64	25,59	83.064,64	25,59	166.129,28	25,59
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	25.534,98	7,87	25.534,98	7,87	51.069,96	7,87
	TOTAL		324.567,67		324.567,67		649.135,34

O artigo 29.1 das bases reguladoras das citadas subvencións dispón que a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección, resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas, nos termos contidos na proposta de resolución efectuada pola xunta directiva ou órgano decisorio similar do GDR, sempre que, no caso das resolucións de concesión de axuda, se constate a existencia de dispoñibilidades financeiras.

O artigo 29.5 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases publicaranse no DOG, nas webs dos GDR e na web da Axencia, http://agader.xunta.gal, e que ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección, en virtude do artigo 29 citado.
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- A proposta da Xunta directiva do GDR do 20.10.2025 é coherente coa normativa aplicable.

RESOLVO a convocatoria das subvencións como se indica nos puntos seguintes (segundo o que proceda), segundo as resolucións individuais de cada solicitude de axuda

1. Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: produtivos (anexo I).
2. Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo II).
3. Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: proxectos non produtivos promovidos por entidades privadas (anexo III).

Asinado por: RODRIGUEZ RIVERA, MARIA PAZ
Cargo: Directora Xeral de AGADER
Data e hora: 11/11/2025 13:47:15

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: hMJPIETJGwk0 https://sede.xunta.gal/cve

4. Establecer a listaxe de proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais en lista de agarda (anexo IV).

5. Establecer a listaxe de proxectos produtivos en lista de agarda (anexo V).

6. Establecer a listaxe de proxectos con denegación da axuda (anexo VI).

7. Listaxe de proxectos con desistencia da persoa interesada (anexo VII).

Asinado por: RODRIGUEZ RIVERA, MARIA PAZ
Cargo: Directora Xeral de AGADER
Data e hora: 11/11/2025 13:47:15

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: hMJPIETJGwk0 https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO I PROXECTOS PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Persoa beneficiaria	Orzamento aceptado	Porcentaxe máximo de axuda %	Total axuda CONCEDIDA	IMPORTE AXUDA 2025	IMPORTE AXUDA 2026	Puntuación segundo o baremo
7119 08 0011	Reforma de edificación para pensión de 1 Estrela: A Casa Da Escola	Luma Sacra S.L	277.305,17	50,00%	138.652,59	55.461,04	83.191,55	76,00
7119 08 0003	Construcción de Pensión de una Estrella en Sacardebois, Parada do Sil	Cabañas do Sil, S.L.	299.948,64	50,00%	149.974,32	59.989,73	89.984,59	75,00
7119 08 0013	Servicio de Lavandadería - Autoservicio En Viana do Bolo	C&S SC	69.965,90	50,00%	34.982,95	22.738,92	12.244,03	72,00
7119 08 0005	Proyecto de obra y actividad de bajo para su utilización como establecimiento de obrador y despacho de panadería	Bicas Malena, S.L.	121.014,81	50,00%	60.507,40	48.405,92	12.101,48	68,00
7119 08 0016	Tienda Online de aldea	Lucía Martínez Martínez			18.000,00	9.000,00	9.000,00	66,00
7119 08 0025	Adega Farragacho: creación dunha adega artesanal	María González Caneda	35.372,17	48,00%	16.978,64	14.020,56	2.958,08	61,00
7119 08 0022	Ampliación de empresa apícola	APIBEN SC	25.150,00	38,50%	9.682,75	6.351,88	3.330,87	42,00
			828.756,69		428.778,65	215.968,05	212.810,60	

Asinado por: RODRIGUEZ RIVERA, MARIA PAZ
Cargo: Directora Xeral de AGADER
Data e hora: 11/11/2025 13:47:15

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: hMJPIETJGwk0 https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO II PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS

Número de expediente	Título	Persoa beneficiara	Orzamento aceptado	Porcentaxe máximo de axuda %	Total axuda CONCEDIDA	IMPORTE AXUDA 2025	IMPORTE AXUDA 2026	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
7119 08 0012	Rehabilitación de de Molinera en Soutogrande	Concello de Vilariño de Conso	48.399,99	90,00%	43.560,00	21.780,00	21.780,00	97,00	Alta
7119 08 0020	Rehabilitación de edificación para 2 vivendas uso social	Concello de Parada de Sil	284.903,40	90,00%	75.000,00	22.916,48	52.083,52	95,00	Alta
7119 08 0019	Creación de centro envellecemento activo e saudable Manzaneda + 60	Concello de Manzaneda	22.527,65	90,00%	20.274,89	16.219,91	4.054,98	89,00	Alta
7119 08 0017	O patrimonio cultural de San Xoán de Río a través das TIC. A Pena dos Castros de Mouruas como paradigma	Concello de San Xoán de Río	17.908,00	90,00%	16.117,20	12.893,76	3.223,44	77,00	Alta
7119 08 0004	Creación de parque acuático en Vilariño de Conso	Concello de Vilariño de Conso (*)	40.000,00	70,00%	11.177,19	9.254,49	1.922,70	78,00	Media

(*) A este expediente corresponderíalle un importe de axuda de 28.000,00 €, non obstante faltarían por adxudicárselle 16.822,81€ por falta de fondos na tipoloxía do proxecto. A adxudicación do importe restante terá lugar no suposto de que exista crédito dispoñible na tipoloxía de proxectos (non produtivos públicos) na que o proxecto concorreu.
Cómpre sinalar que esta proposta queda condicionada, a que a entidade promotora confirme a aceptación da outra axuda concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (70% do orzamento e unha axuda de 28.000€), de tal feito que as axudas compatibles non superen o 100% do custe total do proxecto. Neste caso a axuda Leader que se poderá conceder será do 30% do proxecto e por un importe de 12.000€. Neste suposto quedarían pendentes de adxudicar 822,21€.

ANEXO III PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Persoa beneficiaria	Orzamento aceptado	porcentaxe máximo de axuda	Total axuda CONCEDIDA	IMPORTE AXUDA 2025	IMPORTE AXUDA 2026	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
7119 08 0023	Obras de acondicionamento en patio exterior	Asociación Veciñal e Cultural dos Pobos Couto Coutiño e Santigueiro Canon Do Sil	30.168,50	70,00%	21.117,95	10.558,98	10.558,97	70,00	Media

Asinado por: RODRIGUEZ RIVERA, MARIA PAZ
Cargo: Directora Xeral de AGADER
Data e hora: 11/11/2025 13:47:15

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: hMJPIETJGwk0 https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO IV LISTA DE AGARDA PROXECTOS NON PRODUTIVOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe máximo de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
7119 08 0014	Rehabilitación de Edificación Tradicional para Local Social en Lumeare	Concello de A Teixeira	51.831,78	70,00%	76,00	Media

ANEXO V LISTA DE AGARDA PROXECTOS PRODUTIVOS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe máximo de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
7119 08 0007	Gimnasio en A Pobra de Trives (*)	Mónica Álvarez Pérez	166.639,68	45,50%	56,00

(*) Desiste da proposta de distribución de fondos, quedando o expediente en lista de agarda

ANEXO VI EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DE AXUDA

Número de expediente	Persoa interesada	Observacións
7119 08 0002	Sandra Tovar Tovar	O proxecto está iniciado na data de presentación da solicitude da axuda, tal e como queda reflexado na correspondente Acta de Non Inicio
7119 08 0008	Asoc. Cultural e Vec. Cañón do Sil	O promotor presenta declaración responsable na que declara que o proxecto ten un interese claramente público e colectivo xa que a súa finalidade principal é a preservación, posta en valor e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Sen embargo non concreta como se van cumprir esas finalidades, sinaladamente a difusión, xa que unicamente se fai referencia con carácter xenérico a unha aplicación descargable desde a web da asociación, polo que non se considera acreditado que a promotora vaia cumprir a finalidade deste tipo de iniciativas.
7119 08 0009	Bieito Coello Alonso	O proxecto conta con valoración desfavorable na 1ª Comisión de seguimento de Turismo(11/09/2025) ratificada na 2ª Comisión de Seguimento (02/10/2025).
7119 08 0010	Obras Gallaecia, S.L.	No acordo de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a coordinación de actuacións públicas con incidencia no sector turístico promovidas no territorio de Galicia, as ampliacións non se contemplan entre as actuacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no marco da Intervención 7119-Leader ao abeiro do PEPAC 2023-2027

Asinado por: RODRIGUEZ RIVERA, MARIA PAZ
Cargo: Directora Xeral de AGADER
Data e hora: 11/11/2025 13:47:15

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: hMJPIETJGwk0 https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO VII EXPEDIENTES DESISTIDOS POLA PERSOA INTERESADA

Número de expediente	Título	Persoa interesada
7119 08 0001	Obrador emocional	HANAN tligui ben salah
7119 08 0006	Mellora de climatización no polideportivo de Vilariño de Conso	Concello de Vilariño de Conso
7119 08 0015	Coworking Coliving Cristosende	Obra civil, Gestión y Medio Ambiente, Sociedad Limitada
7119 08 0018	Pensión Castro e Sardela	Andrea Mercedes Rodríguez Otero
7119 08 0021	Laboratorio de longevidad de San Xoán de Río	Concello de San Xoán de Río
7119 08 0024	Tienda de productos locales en A Pobra de Trives	Antolín Vázquez Diéguez

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia
(P.D.: Acordo do 10.04.2025)
A directora xeral da Axencia
Mª Paz Rodríguez Rivera

Asinado por: RODRIGUEZ RIVERA, MARIA PAZ
Cargo: Directora Xeral de AGADER
Data e hora: 11/11/2025 13:47:15

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: hMJPIETJGwk0 https://sede.xunta.gal/cve